
2018

Cinemas DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA



ÍNDICE

primeira quenda

(maio-xuño)

O FILLO DE BIGFOOT

06/05_20.00 h_casa da cultura

A LIBRERÍA

12/05_20.00 h_casa da cultura

MOITOS FILLOS, UN MONO E UN CASTELO

26/05_20.00 h_casa da cultura

LADY MACBETH

02/06_20.00 h_casa da cultura

O AUTOR

24/06_20.00 h_casa da cultura

segunda quenda

(setembro-novembro)

HANDIA

16/09_19.00 h_casa da cultura

DHOGS

23/09_19.00 h_casa da cultura

THE SQUARE

04/11_19.00 h_carpa institucional

MIMOSAS

18/11_19.00 h_carpa institucional

VIGO 1972

25/11_19.00 h_carpa institucional



O FILLO DE BIGFOOT

Animación / 88 minutos / 2017 / Bélxica / Todos os públicos

Directores: **BEN STASSEN, JEREMY DEGRUSSON**

www.flinsypinículas.com/

Descobre unha nova forza da natureza.

O mozo e simpático Adam emprende unha misión épica para intentar descubrir o misterio que esconde a desaparición do seu pai e descobre que o seu pai é nada menos que o lendario Bigfoot. Adam rapidamente se dá conta de que el tamén está dotado dun ADN especial, cuns superpoderes que xamais imaxinaou.

Data: 06 de maio

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



A LIBRERÍA

Drama / 110 minutos / 2017 / España, Gran Bretaña, Alemaña / Maiores 12 anos

Directora: **ISABEL COIXET**

Con **EMILY MORTIMER, BILL NIGHY, PATRICIA CLARKSON**

www.acontracorrientefilms.com/pelicula/762/la-libreria/

Entre libros, ninguén pode sentirse só.

A finais dos anos 50 Florence Green decide facer realidade un dos seus maiores soños: abandonar Londres e abrir unha librería nun pobo da costa británica.

(Festivais e premios)

– Premios Goya 2018, Premios á mellor película, mellor dirección e mellor guión adaptado

Data: 15 de maio

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



MOITOS FILLOS, UN MONO E UN CASTELO

Documental / 88 minutos / 2017 / España / Todos os públicos

Director: GUSTAVO SALMERÓN

Con JULIA SALMERÓN, GUSTAVO SALMERÓN

www.caramelfilms.es/site/sinopsis/muchos_hijos_un_mono_y_un_castillo

Moitos Fillos, un mono e un castelo son os desexos cos que soñou Julita Salmerón desde nena.

Cando o menor dos seus fillos se decata de que a súa nai perdeu a vértebra da súa bisavoa asasinada, gardada ao longo de tres xeracións, a familia emprende unha divertida procura entre os máis peculiares e estraños obxectos que Julita foi acumulando ao longo dos seus máis de oitenta anos, mostrándonos unha áxil e graciosa galería de personaxes.

《Festivais e premios》

- Premios Goya 2018. Premio á mellor película documental
- Festival Karlovy Vary 2017. Premio ao mellor documental

Data: 26 de maio

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



LADY MACBETH

Drama / 89 minutos / 2016 / Gran Bretaña / Maiores de 16 anos

Director: **WILLIAM OLDROYD**

Con **FLORENCE PUGH, CHRISTOPHER FAIRBANK, COSMO JARVIS**

www.bteampictures.es/lady-macbeth/

Película baseada no relato curto «Lady Macbeth de Mtsensk», do escritor ruso Nikolái Leskov.

A Inglaterra rural de 1865. Katherine vive angustiada por culpa do seu matrimonio cun home amargado ao que non quere e que lle dobra a idade, e da súa fría e desapiadada familia. Cando se embarca nun apaixonado idilio cun mozo traballador da leira do seu marido, no seu interior desátase unha forza tan poderosa que nada lle impedirá intentar conseguir o que desexa.

《Festivais e premios》


- Festival de San Sebastián 2016. Premio Fipresci
- British Independent Film Awards 2017. Premios á mellor actriz, mellor actriz revelación, mellor guión e mellor fotografía

Data: 02 de xuño

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



O AUTOR

Drama / 112 minutos / 2017 / España / Maiores 16 anos

Director: **MANUEL MARTÍN CUENCA**

Con **JAVIER GUTIÉRREZ, MARÍA LEÓN, ANTONIO DE LA TORRE**

www.filmmax.com/peliculas/el-autor.78/sinopsis#main

Non todos os soños son realizables.

Álvaro quere ser escritor, pero todo o que escribe é falso, pretencioso, insípido. Traballa como escribente nunha notaría de Sevilla e a súa vida é gris, coloreada só polos seus soños. A súa muller, Amanda, é todo o contrario. Sempre ten os pés na terra e nunca soñou con ser escritora. Con todo, é ela a que se pon a escribir e sáelle un best-seller.

《Festivais e premios》

- Premios Feroz 2018. Premios ao mellor actor e mellor actriz de reparto
- Premios Goya 2018. Premios ao mellor actor e mellor actriz de reparto

Data: 24 de xuño

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



HANDIA

Drama / 114 minutos / 2017 / España / Maiores 12 anos

Directores: **AITOR ARREGI, JON GARAÑO**

Con **RAMÓN AGIRRE, ENEKO SAGARDOY, JOSEBA USUBIAGA**

www.acontracorrientefilms.com/pelicula/761/handia

www.handiafilm.com/es/

Historia inspirada en feitos reais.

Tras loitar na Primeira Guerra Carlista, Martín volve ao seu casarío familiar en Gipuzkoa e alí descobre con sorpresa que o seu irmán menor, Joaquín, é moito máis alto do normal.

《Festivais e premios》


- Premios Goya 2018: Premios ao mellor guión orixinal, mellor música, mellor actor revelación, mellor dirección de produción, mellor dirección de fotografía, mellor montaxe, mellor dirección artística, mellor deseño de vestuario, mellores maquillaxe e pernuquería e mellores efectos especiais
- Festival de San Sebastián 2017: Premio especial do xurado, Premio Irizar ao cine vasco

Data: 16 de setembro

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



DHOGS

Thriller / 85 minutos / 2016 / España / Maiores 18 anos

Director: **ANDRÉS GOTEIRA**

Con **MIGUEL DEL LIRA, MELANIA CRUZ, IVÁN MARCOS**

www.dhogsfilme.com

Cando non sabes o que vai a pasar despois.

Mentres un estraño personaxe atravesa as rúas da cidade ao volante dun vello taxi, no bar dun luxoso hotel está Alex, unha muller que goza dunha última copa, sen ser consciente da morea de acontecementos que lle sucederán nas próximas horas. Logo dunha fugaz aventura cun executivo, verase inmersa nunha espiral de violencia sen sentido aparente, obrigándoa a percorrer unha senda de sufrimento fóra do seu control.

《Festivais e premios》


– Premios Mestre Mateo 2018. Premios á mellor longametraxe, mellor dirección, mellor guión, mellor dirección de produción, mellor interpretación masculina protagonista, mellor interpretación feminina protagonista, mellor interpretación masculina de reparto, mellor interpretación feminina de reparto, mellor dirección de fotografía, mellor dirección de arte, mellor montaxe, mellor música orixinal e mellor son.

Data: 23 de setembro

Lugar: Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



THE SQUARE

Comedia dramática / 144 minutos / 2017 / Alemaña, Francia, Dinamarca, Suecia
/ Maiores 12 anos

Director: **RUBEN ÖSTLUND**

Con **CLAES BANG, ELISABETH MOSS, DOMINIC WEST**

www.avalon.me/distribucion/catalogo/the-square

Civilización e barbarie na arte.

Christian é un pai divorciado que goza dedicando o seu tempo ás súas dúas fillas. É un valorado programador dun museo de arte contemporánea e é desa clase de persoas que conducen un coche eléctrico e apoian as grandes causas humanitarias.

《Festivais e premios》


- Festival de Cannes 2017. Palma de ouro á mellor película
- European Film Awards 2017. Premio á mellor película
- Premio Goya 2018. Premio á mellor película europea

Data: 04 de novembro

Lugar: Carpa Institucional da praza do Corgo

Entrada: 3 €

Cinemas **DE GALICIA**



MIMOSAS

Aventuras / 96 minutos / 2016 / España, Francia, Marrocos, Qatar / Maiores 7 anos

Director: **OLIVER LAXE**

Con **AHMED HAMMOUD, SHAKIB BEN OMAR, SAÏD AAGLI**

www.distribucion.numax.org/gl/filmes/mimosas

«Intensa, maravillosa, esencial, a maior experiencia espiritual de Cannes.» BANDE À PART

Unha caravana atravesas as montañas do Atlas marroquí coa misión de conducir ao patriarca moribundo ao lugar en que naceu, onde espera atopar, ao fin, repouso. A viaxe preséntase chea de incógnitas, pero Ahmed e Saïd, dous buscavidas, aseguran coñecer o camiño.

Noutro lugar, se cadra noutra época, Shakib, bufón entre os taxistas, é recrutado coa encomenda de viaxar a caravana e asegurar que a viúva do patriarca vexa cumprida a promesa da tribo.

Desorientados, terán que superar a neve, a persecución, o asalto e o rapto, mais nun xiro quixotesco, Shakib fará que «as mulas voen» para atravesar as infranqueables montañas e transformar coa súa fe o destino da expedición.

《Festivais e premios》


- Premios Mestre Mateo 2017. Premios á mellor dirección e mellor dirección de produción
- Festival de Cannes 2016. Francia. Gran Prix Nespresso. Semana da Crítica
- Festival de Cine Europeo de Sevilla 2016. Premio especial do xurado
- Cairo International Film Festival 2016. Exipto. Golden Pyramid for Best Film e premio ao mellor actor

Data: 18 de novembro

Lugar: Carpa Institucional da praza do Corgo

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA



VIGO 1972

Documental / 62 minutos / 2017 / España / Maiores de 12 anos

Director: **ROI CAGIAO**

www.vigo1972.com

En setembro de 1972 preto de trinta mil traballadores vigueses protagonizaron a maior folga da historia de Galicia.

Documental que narra os feitos acontecidos na cidade Vigo en setembro 1972, no que o movemento de solidariedade co despedimento de cinco traballadores da factoría automovilística Citroën finalizou coa maior folga xeral da historia de Galicia na que participaron máis de trinta mil traballadores e traballadoras da bisbarra de Vigo.

(Festivais e premios)

- Cineuropa 2017
- Premios Mestre Mateo 2018. Nomeado ao mellor documental

Data: 25 de novembro

Lugar: Carpa Institucional da praza do Corgo

Entrada: 3 €

Cinemas DE GALICIA

Cinemas DE GALICIA

www.agadic.gal/cinemasdegalicia



galicia

